

CONCELLO DE ARTEIXO
CONCELLERÍA DE SERVIZOS MUNICIPAIS
Servizo Municipal de Augas de Arteixo
Edificio de Servizos Múltiples
Travesía de Arteixo, 249 - Baixo
15142 Arteixo

A/A do Servizo Municipal de Augas de Arteixo

D./D.^a con DNI ,
titular do contador número e enderezo aos efectos de
notificación en

EXPOÑO

Fundamentándome no Art.7 **do Regulamento do Servizo Municipal De Augas do Concello de Arteixo**, realizo a seguinte reclamación:

1º. Non se me vén realizando a correspondente lectura do contador da auga.

2º. Durante este intervalo de tempo tampouco se me notificou por parte do Servizo Municipal de Augas de Arteixo o motivo polo cal non se tomou a lectura real do contador (**Fago referencia o artigo 57.3 do Regulamento do Servizo Municipal De Augas do Concello de Arteixo**).

3º. Tendo en conta esta situación; en diferentes trimestres vin pagando os recibos da auga de maneira estimada, cando non había motivo xustificado para tal feito, xa que os técnicos do servizo puideron realizar a lectura de forma regular.

4º. Enténdese que se cobren os atrasos da cantidade de litros consumidos que non foron facturados ao seu debido tempo, pero o que non se pode entender nin é normal, é que se cobren eses metros cúbicos de maneira conxunta, xa que atendendo ao sistema tarifario onde se divide en grupos o prezo da auga dependendo dos litros consumidos, isto implica un sobrecusto no prezo da auga, rede de sumidoiros, depuración e canon da Xunta.

(Fago referencia ás ordenanzas fiscais nº6 e nº9 do Concello de Arteixo «BOPS 21-12-2016 e 05-09-2018» e Augas de Galicia «DOG 31-12-2013»).

Polo anteriormente exposto, SOLICITO:

Que se faga a correspondente revisión de todas as lecturas do citado contador e que se me devolva a cantidade de diñeiro correspondente aos litros de auga que foron indebidamente facturados e con sobrecusto.

(Fago referencia o Art.63 do Regulamento do Servizo Municipal De Augas do Concello de Arteixo)